

Academia Gallega
ARANDELA

A NOSA TERRA

FEDERACIÓN DE MOCES

ESTUDIOS LITERARIOS

XUNTA AGRADAS FERROL

IDEARIUM DA IRMANDADE DA FALA NA GALIZA E NAS COLONIAS GALEGAS D'AMÉRICA E PORTUGAL

ANO MCMXX



PATRIMONIO FREIRE

AS

VIGO

CRUÑA - FERROL

A CRUÑA

SE a O

O NOVO HABLA

AVOYAN

SUMARIO

Pequenos ensaios de biología política, PAZ D'ANDRADE.—Irlanda.—Lembradevos, gallegos, leembradevos, J. CEA.—Arand Nazariantz.—O Idioma, JOAN SACO E ARCE.—Asteriscos, ROBERTO BLANCO TORRES.—Rexionalismo astur.—Teatro Cabanillas.—Un ché, dous chés...—Diario d'unha dona, Z.—Peneirando.—Poemas Sinxelos, CORREA-CALDERÓN.—O amor que soño, J. I. R.—Glosa, JOSÉ IGLESIAS ROURA.—Coutacións decenais.—Libros e revistas.

PREZOS DE SUSCRIZÓN,—NA CRUÑA, ó mes 40 cts.; FORA trimestre 1'50 ptas.—AMÉRICA, trimestre, 2 ptas.—Custe d'un número, 15 cts.—Pagos adiantados.

Redacción e Administración: Praza María Pita, 17, baixos, CRUÑA.

LA PROVEEDORA GALLEGA

DE

Xuan Vázquez Pereiro

A millor fábrica de chocolates de Galicia, sita na Rua estreita de São Andrés.—A CRUÑA

Irmans: si queredes estar sans e fortes tomade todolos días unha cunca do rico chocolate que fabrica ista casa, e veredes como sin darvos conta estades ledos e traballados sin sentir o mais cativoiro cansancio, porque gozaredes de boa saúde.

¿Por qué é isto? porque os chocolates que fai ista casa, fanse cós millores productos i-a limpeza mais eisquisita.

PROBÁDEOS E CONVENCERÉDES VOS

Os viños e coñas millores

son os qu'eisporta a casa de PEDRO DOMECQ, de Xerez Frontera, fundada en 1734. A casa mais antiga de Xerez.

O vermouth mais selecto

de mundial e reconocida sona é o ZINZANO (Torino).

Pra viños de mesa

non hay outros com'ós dos cosecheiros eisportadores señores R. LOPEZ DE HERÉDIA (Haro) Casa central: Plaza da Equitativa.—MADRID.

Representante eisclusivo (matriculado) de todas estas marcas:

JOSE C. JUNCOSA

Galera, 39 e 41-2.^o piso.—A CRUÑA

“PATENTE-SALVAVIDAS”

O millor pra pintar os fondos dos barcos. Ganou Dipromo de Honore, Gran premio e medalla d'ouro nas Exposiciós de Paris-Londres.

REPRESENTANTE

F. Bertran e Mirambell

Vigo - Cruña,

Materiales de construcción

**CEMENTO ASLAND
MADEIRAS — CARBÓN**

CENTRO XENERAL DE SEGUROS

Ignacio Pedregal

NA CRUÑA

NOVELTY

PLANCHADEIRO DE MODA
GRANDES TALLERES

DE LAVADO E PRANCHADO DE ROUPA NOVA E DE USO

Despachos centraes—A Cruña, Cantón Pequeno, 12; Vigo: Praza da Constitución, 12.

Sucursaes na Cruña.—Estreita de San Andrés, 12; Praza de Azeárraga, 4; San Agustín, 22.

Sucursal en Vigo.—Ircio núm. 5,

Todal-as nossas sucursaes ostentan un letreiro como sinal, qu'é reproduzon da marca de garantia eiqui estampada.

Recibense encárregos de fora, y-espídense por meio das nossas sucursaes. Si no lugar onde vostede reside non-a hay, sirvase manifestarnos seus desexos de mandárenos os seus encárregos.

PAULINO FREIRE

BOUZAS — VIGO

SUCURSAES: CRUÑA - FERROL

Redes d'algodón pra Tarrafa.

Aparellos, armados e en panos, pra barcos pesqueiros.

Malletas de abacá e cáñamo alquitranado.

Cables de aceiro ingleses.

Aceites mineraes e vexetaes, e surtido completo pra maquinaria e pesca.

Santa Lucía, 26 e 28. — A CRUÑA

O CAFÉ NOVO

Urzáiz II.—BAYONA.

LA MODERNISTA

GRAN SALÓN DE BARBERÍA

— DE —

RAMOS E ACEA

San Andrés, 94-1.^o — A CRUÑA

Estabreimento de primeiro orde, dotado de estufa de desinfección e todolos aparatoss higiénicos. Especialidade en lavados de cabeza locios e fricíos de todas clases.

NOTA: N'este estabreimento atopara o público un servicio permanente a cargo dos seus propietarios, antigos dependentes das mais importantes peluquerías desta capital.

Fábrica mecánica de calzado

— DE —

Anxel Senra

RUA XAN FLOREZ

Depósito: Cantón Grande, 15

A CRUÑA

A NOSA TERRA

BOLETÍN DECENAL

ANO IV — NÚMERO 218 — 5 SETIEMBRE - 1920

PEQUENOS ENSAIOS DE BIOLOXÍA POLÍTECA

I

Hay xentes, probes d'intuición, que coidan descalabrar o nazionalismo chatandô de non ser unha doutrina adiantada, progresiva; de que ven a erguer innecesarias fronteiras dividindo i-arredando os povos i-opoñendo novos oustáculos a marcha natural do mundo car'a unidade. Maxinan ises nosos nemigos que a humanidade vai camiño de constituirse unha soia pátrea e qué há chegar o dia, cecais non moi lonxano xa, en que todal-os homes da terra falarán unha lingua universal, socedendo eisi ás actuaes diferenças étnicas, estóricas i-espirituais unha pantástica e candorosa simplicidad mundial.

Imos ver como ista concepción cõr de rosa non se asenta en fondamentos racionaes i-esta en aberta rifa coa Natureza e coa realidade.

O porgreso da humanidade non é unha marcha constante perseguinto a uniformidade, senón que, pol-a contra, tende á selección das formas de vida; e decir, propende sempre a adopción d'aquelhas fórmulas sociaes que mais favorezan o libre desenvolvemento biolóxico. Na eternidade dos tempos, c que sobrevive non é o mais sinxelo, senón o millor, o que ten maior capacidade vital. A unidade orgánica somentes se dá na célula. E canto mais vaimos rubindo na esqueira dos seres vivos, desde a ameba até o home, tanto mais perfeitos sexan, eisi serán mais complicados. Na vida moral do home ouvervase o mesmo fenómeno: a y-alma mais sinxela é a dos nenos i-a medida que van medrando en facultás i-en conocimentos, eisi a intensidade dos afeutos, o impetu das pasiós i-o xermolar das ideias vai sendo n'eles maior: o pensamento e tanto mais culto canto mais rico é en variedade.

Isto mesmo tense que dare forzosamente nos povos que nou son outra cosa que agrupaciós organicas d-individuos. Os povos, canto mais van adiantando no camiño da prosperidade, eisi van evolucionando e virándose d'homoxeneos en heteroxeneos, por un ineluctable proceso de diferenciazón. A simplicidade, a unitalidade en todal-os xeitos da vida, compre somentes a periodos rudimentarios, primitivos: o adianto i-o porgreso implican complexidade. Eis-o exemplo que ofrecen os povos cabezaleiros do mundo, que alcanzan o maior eisponente de cultura até hoxe conocido, todos iles constituidos nos réximes polítecos de maior complicación, n-estados compostos, polinacionaes: Alemaña Nortámerica. A mesma Inglaterra está hoxe en vispras do trunfo do federalismo e na centralista França as novas opiniós de derecho políteco conveñen en declarar a necesidade de chegar a axiña a imprantación do sistema autonomista. Todal-asinxentes cónmociós mundiales, os movimentiños sísmicos

da Estoria, com'a derradeira guerra i-a revolución rusa i-qué son senón partos de nacionalidades?

II

Apesar do devandito, cedendo por un instante o posto da razón a fantasia, imos a-aceptar o credo dos nosos adversarios, queremos crere que están no certo os que coidan co mundo camiña a unidade. Inda vai sere mais xenerosa a conteseión: imos a supoñer por un supremo esforzo d'imaxinación, que unha oleada formidabre de cosmopolitismo niveladore barreu as fronteiras polítecas e acabou coa diversidade das linguas. En dígobos—é non é paradoxa—, que isa sería a conquista mais insinificante i-estéril da humanidade; eu dígobos que haberíamos perdido o tempo, pois ese estado de cousoi sería tan efímero como un soño de felicidade. I-a razón de tan pasaxeira temporalidade chouta ós ollos: a simplicidade endexamais se perpetúa, nin s'estabiliza en ningunha manifestación vital: as causas, canto sexan d'arquitectura mais sinxela eisi serán mais fráxiles. Os animais inferiores na escala zoolóxica, que son os de compleción menos complicada, teñen unha vida mais curta i-están moito mais espostos a perdela, cós superiores, qué, canto mais o sexan, maior lonxevidade abranguen.

Emporio, canto meirande e perfeita fora a homoxenidade en que estivera organizada a sociedade humana, eisi duraría proporcionalmente menos tempo, eisi se crebantaría mais axiña o equilibrio até que a vida universal fora, de novo, adoptando fórmulas diferenciadas en consonancia co-a xeografía, as variades raciaes, etc. dos povos. Somentes n'un caso podería darse o réxime d'unidade políteca e lingüística no mundo: s'este fora unha humanidade de nenos. Pró tan axiña com'os infantes se foran virando homes, ao mesmo tempo, a unidade iría desfaguéndose en diversidade.

III

As diferenças d'idioma, de psicoloxía coleitiva, de sentimento, de raza, que no devalar eterno dos tempos determinan as distintas costitucións estóricas dos povos, son as manifestacións culmiantes da vida e canto mais pronunciadas sexan, demostran mais intensa plenitude. Pretendere a desaparición de tais variantes, e tanto como cosirpar contra a vida mesma: fomentálas e robustecelas, e tanto como alongar no tempo i-ensanchar no espazo a subsistencia dos povos. Estes, pois, anque sexa somentes por instinto de conservación, teñen a obriga de cultival-as suas carauterísticas especiaes. Elas cs coalidades que os fan superiores ou os diferencian dos demás, son o que teñen de propio, constituyen o seu uno-co patrimonio, inalienábel so pena de perrescer.

N'outro senso, ises valores privativos d'unha raza representan o que podéramos chamar a sua «orixinalidade», i-esto e o-único porque se destacará no mundo: o únoco que se lle estimará universalmente, para sere a aportación espiritual e social con que contribuie o porgreso i-a moderna cultura do mundo. I-é antinatural cegállas fontes da nova vida, matal-as facultás de creación periódica: a reproducción.

PAZ D'ANDRADE.

HISTORIA DOS MOVIMENTOS NACIONALISTAS

IRLANDA

I

OS IRLANDESES.—Antecedentes históricos.

En tempos lonxanos da antiguedade, a illa de Irlanda foi habitada por *tribus* de raza celta ou gaélica. Segundo a tradición e os datos históricos, seus primeiros poboadores saíron do noroeste de Iberia, ou sea Galicia, mandados por Milesius. Os latinos chamaron Hibernia a Irlanda, e hiberniores aos seus habitantes. Esta raza tuvo unha lingua milleirania, o *erse*, a vella lingua dos gaels. Os irlandeses, pois, teñen parentesco étnico cos pobos da raza céltica, especialmente cos gaels da Escocia e Gales e mais cos bretones da Francia.

A illa de Irlanda non foi invadida polos romanos. Mas, dende os comenzaos do século XI, tuvo que combati contra os invasores daneses, a quen venceron na batalla de Clontarf, perto de Dublin, no ano 1014.

Ceibe dos daneses, Irlanda viviu con fartura século e medio. Este tempo finou no ano 1169.

Aproveitando a circunstancia de facérense a guerra dos poderosos caudillos dos *clanes* irlandeses. Henrique II rei de Inglaterra, permitiu a un dos seus nobres para intervire no favor dos ditos caudillos. Cando os guerreiros anglo normandos tuveronse establecidos na Irlanda, o rei Henrique presentouse en Dublin e fixose proclamar soberano da Illa.

Os ingleses tiñan ocupado a costa leste de Irlanda, e pasaron moitos anos sin que poideran adiantar.

Foron alí por espacio de tres séculos, milleiros e milleiros de ingleses. Iban con idea de conquistare a illa. Mas, despois de algun tempo de viveren nela, casábanse con mulleres irlandeses, axeitábanse as costumes, ós vestidos e lingua do país.

Derrotados os ingleses por Roberto Bruce en Bannockburn, estouporá unha formidábel revolución en Irlanda. Por grande que foi o heroísmo dos irlandeses, estes foron vencidos no ano 1318.

EDUARDO III, polo estatuto de Kilkenny, prohibiu aos ingleses casárense con mulleres irlandeses, levar a túrica e mais o bigote ao xeito irlandés, baixo a pena de ser declarados traidores.

Caída baixo o dominio de Inglaterra, Irlanda viu a sua historia convertida nunha tráxica sucesión de devastadoras loitas e de horribels represións.

Georges Clemenceau escribiu que a historia de Irlanda é un martirologio. «*De todos los historias, a da Irlanda é a más triste*—escribe GOLDWIN—*Durante más de seis séculos non tuvo más que unha serie longa de loitas, matanzas, asesinatos, millos gobernos, guerras civiles, opresións e más miserias*».

Enrique VIII, que no comenzao fixo unha política de atracción, quixo mais tarde facer a Reforma en Irlanda e puxo duras penas para aqueles que non renegasesen publicamente do catolicismo. No reinado de Sabela a persecución relixiosa foi terribel. Os bens da Igrexa Católica e as terras dos irlandeses foron roubados e repartidos entre os ingleses. Os horrores da loita armada entre ingleses e irlandeses, entre protestantes e católicos, teñen obrigado escribir ao historiador LECKY, na sua *History of Ireland*, que o rematamento da raza irlandesa fixose con unha cruidade moi maior que a do Duque de Alba en Flandes e que é dina dos anaeis mais sanguinarios dos turcos.

A mitade da povoación irlandesa sucumbeu. A Acta da Supremacia do 1537 puxo na Irlanda a Igrexa Pro-

testante. Os que seguían sendo católicos eran botados e incapacitados nos cárregos civiles.

Calros I docificou o réxime a que tiña sometida Irlanda. Mas non cumpliu os tratos chamados *gracias* e dou motivo ao gran erguento do 1641.

Para cobrare os gastos da guerra, o Parlamento inglés roubou a Irlanda dous millóns e medio de acres de terras irlandesas, que entregou aos contratistas (*undertakers*). No comenzao os irlandeses tuveron algunas victorias que lles permitiron formar un Parlamento propio, ou sexa a Confederación de Kilkenny. A desgracia, tiñao divididos en dous bandos, un, partidario de facer pacto con Inglaterra e disposto o outro a seguir a loita. Mientras tanto, estouporá a revolución inglesa. Enforcado Calros I, desembarcou Cromwell na Irlanda mandando un forte exército que derrotou aos irlandeses. A matanza foi horribel. Milleiros de irlandeses fuxiron da illa. Tres provincias enteras—Munster, Ulster e Leinster—foron levadas e repartidas entre os soldados ingleses.

No tempo dos Eduardo amainou a opresión dos irlandeses. Ao sobrevir a revolución do 1688, os católicos irlandeses declararonse partidarios de Jaime II. O rei buscou un refugio na Irlanda, e alí un Parlamento católico proclamou a libertade religiosa. Guillermo de Orange venceu aos irlandeses na famosa batalla de Boyne (1690). Milleiros de estos fuxiron da batalla e da servidume, emigraron e formaron batallóns irlandeses ao servicio dos grandes Estados católicos. A provincia do Ulster quedou valeira de irlandeses, os que foron trocados por escoceses e ingleses dos que tiñan seguido a Guillermo de Orange. D-aquí que se conocen por *orangistas*.

Trunfante Inglaterra, impuxo a Irlanda un réximen de escravitude e de bulra. Os católicos foron desposeidos dos direitos religiosos, civiles, económicos e políticos.

Aos irlandeses foronllas roubadas as propiedades das suas terras. Os labregos tuveron que reconocer como donos aos señores ingleses, ficando obligados a pagar fortes rendas. Deste xeito o labrego irlandés somente traballaba pra enriquecer ao *landlord*. Este réximen foi causa dunha grande miseria. En vinte anos houbo catro longos periodos de fame esnaquizada. A desesperación fixo estalar a revolta. Feixes de labregos acotearon aos *landlords*, que, cheos de medo e terror, fuxiron do país. Esta foi a primeira revolta agraria na Irlanda. Os males d-aquel abafante réximen medrou ao producirse en grandes proporcións, o fenómeno do absentismo.

Os terratenentes vivian na Inglaterra e deixaban na Irlanda cabezaleiros e ademenistradores pra que lles mandaran o importe das rendas das terras.

(Seguiráse)

NEBRA E VALENÇA

¡Lembrádevos galegos, leembrádevos!

¡Gran tema sentimental pra xustificare uns pasos mais para a reacción e unhos abusos mais do poder público!

En Valencia caeu morto aos trabucazos d-uns desconocidos un foi-gobernador civil, e con él duas donas.

O presidente do Concello de ministros que nomea El Rei declarou que o pasado a ese foi-gobernador servira de estímulo ás demais autoridades pra que cumpran o seu deber.

Ese foi-gobernador tiña enchido de obreiros as cárceas da Barcelona. Despois, non chegándolle os cárceas pra metel-los buscó outros locais pra facelos prisóns. A eses obreiros non se lles dixo porque os encarceaba. Al-

guns levaban apreixados mais de dous anos sin comunicarles o auto de procesamento nin telos posto á disposición de ningun xuez. Chegou a arbitrariedade ao extremo tal, que nin o propio gobernador civil, nin o xuzgado, nin a Audencia sabian cantos eran os detidos nin os nomes d-eles. A esto chámalle cumplir o deber o presidente do Consello de ministros que nomea El Rei.

Mas a xenreira do presidente do Consello de ministros que nomea El Rei debéuse á circunstancia de ter sido feridas duas mulleres. Esto, o deitare sangue de mulleres, merece toda a maldición e o mais duro dos escaimentos.

¿ Lembradesvos, gallegos ?

O depositario do Concello do Son tiña testafado das uchas nunciapais unhos milleiros de pesetas. Para recobralas tiña aberta o Concello o camiño xudicial, xa que o depositario tiña que ter posta a sua fianza e disponía ademais de aignuns bens.

Non-o fixo. Como o depositario pertenecía á familia caciuil, o Concello deixouno na paz e prefireu que a estafa pagáse-a por enteiro o povo. Fíxose un reparto contrario á moral, á xustiza e más á lei. Apelou o povo, pra non pagalo, aos medios legales. A Comisión provincial fallou en contra do povo. O Gobernador incivil botou de malas maneiras a unha comisión que foi a reclamar diante él contra o enorme asoballamento.

Este mesmo gobernador incivil mandou a Porto do Son trinta guardias civiles ao mando d-un capitán pra que apoiese a todo meter a enormidade ilegal e odiosa.

Chegou a forza a Nebra. A topouse c-un fato formado case que todo él por mulleres. Descargon sobre elas unha, duas e tres veces as carabinas. ¿Cántas mulleres cairon? Nunca puido saberse a conta xusta das feridas. D-as mortas, si. Foron moitas. Un verdadeiro feixe de entradas humanas ficou espallado enriba dos camiños da parroquia de Nebra.

¿ Lembradesvos, gallegos ?

A Hespaña oficial non tuvo unha bágoa de door pra aquelas víctimas. E tamén eran donas, e náis, e deixaban na desesperación e na orfandade a seres que amaban e que recibían d-elas un añaco de alimento.

A Hespaña oficial non tuvo unha verba de condenación para os autores moraes e materiaes da matanza. O caciquismo do Son, Gasset que o alenta e sostén, o gobernador incivil que foi instrumento de un e outro, o Réxime que vive gracias a esos caciquismos e a esos gobernadores, os xornaes envilecidos que medran adulando ao Réxime e agarimando todas as suas ruindades e os seus crimes, todos fixeron ruiro ao rededor da morria de cadávres para que a sua v. sta non chamase sobre da Hespaña oficial as maldicions e a condanación de todolos corazóns honrados do mundo.

O gobernador foi ascendido e nunca gozou dos primates do seu partido o agarimo e a consideración que lle teñen dimpois da matanza. García Prieto ten-o na estima d-un dos puntaleis da sua dominación na Galiza e Vicenti nomeouno aco seu representante autorizado.

¡LEMBRADEVOS, galegos, LEMBRADEVOS!

Tedes ponca memoria, e as vosas protestas reducídelas a balvordos lixeiros

Pol-o mesmo adeministran e gobérnan-vos como xa se non goberna a país civilizado do orbe, como a propia oligarquía asoballadora se non atreve a gobernar e adeministrare a outras rexións de Hespaña.

E cando intenta-o xa vedes, non sempre son as probas fillas do povo as que caen furadas polas balas.

O mesmo ministro da Gobernación dixo-lo os perio-

distas o dia 4 do mes que corre: «Disparan contra as mulleres que ningún motivo de xenreira puderón dare, non ten disculpa nin abrandamento posibre».

En Nebra foron asasinadas vinte mulleres.

¡ LEMBRADEVOS, GALLEGOS, LEMBRADEVOS !

J. CEA.

Ponteareas, Agosto 1920.

(Do boletín EL TEA)

38

Inda hai mais da abondo para nos lembrare, señor Cea,
Mais as nosas mulleriñas de Osera, de Sofán de Narón...
Pero os gobernos non saben d'esto. I-los nosos señoritos
Iles non importan as aldeanas galegas...

Os poetas extranxeiros d'agora

ARAND NAZARIANTZ

Nasceu en Constantinopla o ano 1881, o dia oito de xaneiro. Con ele surde na Armenia o valor renovadore e rebelde da poesía simbolista; non virtuosismo retórico ou decadente, senón expresión amplia de conceitos e de cōres. A obra poética de Nazariantz é varia e multiforme, acugulada d'amore e de dōre; d'horror e de beleza, d'esceitismo e de fe. Na sua fonda sensibilidá poética refléxase unha notábel contemporaneidade d'aición. Soñadore n'amorado da vida—dixo Jencok Armene, un grande crítico do país de seu—posé o senso íntimo xermolador da voluptuosidá lírica que ofercen semblados a Vida i-o Ensoño. Elegiaco, co'a sua tinta mistrou as suas bágoas. Mas,inxente do seu orientalismo, trabucariámonos se o coidásemos un doente místico e durmiñento, un embriagado i estático cavaleiro do Nirvana budista. Ben outraamente, Nazariantz troca en xeito de certo heróico, a sua minsión patriótica e artística. E un poeta puro e un purísimo patriota exemplar. O seu gosto i-a sua sensibilidade son un pouquín estranos ao noso gosto occidental, mais afincanse en col d'un fundamento d'humanidade complexa e moderna, que nol-o fai doado, coma un dos grandes liricos universaes d'agora. Non'os fai desfamiliarizados a gran lonxanía de terra e d'estirpes que nos arredan d'ele. Hai unha fonda fraternidade d'ideial e de patria entre'ele e nosco. Arand Nazariantz rende un culto sagro aos propios eidos e adoita valorare con fe imensa aos ollos dos extranxeiros a hestoria e as glorias da sua patria o mesmo que outros ilustres intérpretes da i-alma Armena, Elies Demirgibasxan Arxiac Trobanian, etc., que algunha ves hemos facer coneccere os nosos leutores. En síntesi, a poesía de Nazariantz e acochadora do único oriente esencial que nós podemos nos asimilares, co'a sua arte en senso nova e antiga, coa sua forza

sonorosa e vixiante, coa sua violenza de con querimento e arelando do eterno. — A Armenia en sangue e chamas—a Armenia que aparesce ainda abandonada ao furor kurda—ali domina cinguida da coroa do martirio, coma centro de sensibilidade.

Arand Nazariantz, inda non e conocido para os perinsuares de fala castelán; algunas das suas poesías fono vertidas a lingua da patria irmá Cataluña e publicadas en «La Revista» de Barcelona, e d'ela as collemos e traducimos ao galego.

Matar Dolorosa

A MIÑA NAI

Eu sei que ti me agardas aló, acochada na tua imensa tristura vixiante, m'agardas na anguria. ¡oh nai, santa naicíña! sempre agardándome déital-as as tuas bágoas puras na furna da delore.

Eu sei que ti me agardas aló, que bentas o teu fillo lonxano e maldices o destino abafante.

Sangrando a tua carne encol das espiñas do seu esodo—¡oh branquíssima na sombra d' hora baixa!—alóngal-a magrore dos teus brazos, na tua fe heroica, cara á ilusión crescer d'un mañán...

Oh dozura suprema e lumirosa, oh nacía desespranza, lembradora da agunía d'unha posta do serán que loita contra das tréboas, esmorecida mas xúrdia! cícalis me agárdes lonxana, na chouza, sobre do outeiro; onde viras o froito do teu único grande amore.

—Alma mística, doce como nengunha!—Todo crepúsculo que pasa nas vixiantes pupilas s'afunde i-as escurece: lindos oílos soñadores, mas ¡ai! cansos, xa moi cansos por mor das longas vixilias, por mor dos hourizonte sirtos do camiño do desterro pol-o que me viron alonxare, alcoso o curazón co'a xuvenil labarada d'un sol misterioso, un serán xa a finar nos escuros riscos onde hai orgulosas ruinas...

Mas eu tornarei, tornarei un serán fosco, á hora da xustiza, á hora da revancha, cando a Morte recuará diante da Fe, tornarei levando a nosa delor ululante e vindicadora, o xenio da Vitoria.

E ti me agardarás, i-has d'apreixare a miña cabeza pre-cozimento branca, mas forte pol-a loita, nos teus brazos magrecidos, con aperta fonda como o esquecemento i-a morte, para que os meus oílos preguen unha vez ainda, a vez derradeira, o perdón da tua Bondade, pol-a miña valeira esistencia, na que non vira correl-o sangue do Asovalladore baixo a espada de meu pai, diante da que prometín, diante da que xurei ao partire.

Mas a miña vida ña nai, eu coido que non foi vana e indina, i-a causa alma miña hase ver aloumiñada pol-a tua aperta e pol-a tua doce cantiga vella, a doce cantiga escoitada nos tempos da leda infancia, nos tempos da santa loucura; ja cantiga sagra y homilde, tan amada do meu curazón, cando frolecia en col dos teus beiziños bondadeiros c' o azul incenso da pregaria, ¡oh nai, naicíña!...

O sono do meu sol

Oh visión do meu sol, luz eterna da i-alma miña, xurdio fenestral de ledicia, posto encol do aberto camiño onde é posibel espiar o infinito sen yeare c' oas palpelras os oílos mortaes.

Oh sono de meu sol, máxica pupila inframada das imáxes a viren, oude, entre espasmos de coores fortes e deseos, tremelece convulsa a miña face!

Oh latexo escentilante do ollo do Mañán!

Sono do meu Sol-Xuventude, sonorosa armonía da miña i alma radiante no ar com' o metal da campana que tanxe; frebe puleante da Vontade... fervenza rosadiña

das miñas rebelions, en torno teu ¡Oh Sol! en torno teu ¡oh curazón! como sanguíneos satélites rolan os meus tolos desinios, independentes, mais aló de toda lei...

Curazón da miña raza, saude!

Saude, curazón da miña raza! Saude, curazón triste, maxestoso, curazón solar, chama que escentilea e inspira a Greenza y-a Lira; Curazón-Lira, de cordas melancónicas—sete abismos místicos—que latejan diante de visións terribels, esmorecentas n'un sono inmortal. Curazón forrado en ensonos, curazón forrado en ferro, saude!

Espantábel, sanguíneo curazón da sedosa Armenia, flamixera escarlata en col do mare da nosa delor, que tráxicamente s'abala—mártir seculare—i-é sofrimento que berra no fondo sen fondo no ritmo tráxico de cantigas maravillas. Saude!

Na treidora e criminal preguiza dos povos orientaes, en dias brancos, en serans bretemosas, ti, crave do misterio da esistencia, contra aquilo que aguniza te revoltas: dinámica venganza da vida, revóltate tamén contra da morte, lámpara da inmortalidade: lonxana mas segura vitoria.

Inexorábel i eterna deusa d'heroica violencia, deusa surdindo de seio dos séculos, agora vas camiño das antigas grandezas, vello camiño todo cheo de sangue. E vasto maxestoso e tristemente. Tua gran delor, curazón da miña raza, curazón solitario; tua delor, divinal descomprendida, ¡oh Anahit! é a delor fecundo do xenio xusticieiro que loita ainda para graval-a imáxe sua na pedra da inmortalidade.

¡Saude Curazón lumioso, curazón solar da miña raza!

OS MORTOS MANDAN

O IDIOMA

O povo que non queira avergoñarse de se mesmo á face dos maís, o que queira facer valer a sua honra e a sua dignidade de raza ou de nazón, é perciso que comence por estimar e glorificar a sua lingua.

O idioma d-unha nazón é, si asi podemos decil-o, sua alma, seu carácter encarnado espallado nos soidos: é o espello onde mais vivo e con mais grande fidelidade refrejan-se su psicoloxía, seus gustos e costumes. Despreciar o propio idioma, é menospreciarse un a se mesmo; e o propio menosprecio, sin subrime virtude n-as individuos, non é n-os povos senon torpe abyecación que moi axiña atopan o desprezo xeneral ou a servidume.

Grande foi o traballo que algunos conqueredores puxeron en facer esquencer a lingua do país conquidero, trocando-a pol-a dos invasores. Nada axudou a manter vivo o carácter nazonal, a fortalecer o espírito de independenza e a estreitar os nós da raza, como o amore que se profesa ao idioma da Patria verdadeira. E este amore é tanto mais forle, tanto maior sexa o brilo que o idioma reciba e tanto mais s'erga aos oílos do povo, de tal xeito que poida ter fachenda de o falare.

Joan Saco e Aroe.

Asteriscos

Non sei como estará a estas horas Xavier Soto Valenzuela despois da andanada literaria, chea de lugares comuns e fedenta a miolos acedos, que lle adicon certo concejal vigués.

A mí me non sorprendeu. Ese criterio troglodítico, en volto en verbas valeiras, estilo oratorio dos declamadores do «Desastre», residuo da vella tonalidade burguesa, e a característica mais esauta do noxento aduiciamento da sociedade española.

Ese concejal pensou, sen dúbida, que iba a facer un papel brillante desterrando un bizantinismo nefasto lembrando a clásica patriotería que tan negras e tristes páginas deixou escritas na historia da Península. Mais a mí, en lugar de me dar noxo, fixome rir, inda que sei ter compasión. ¡Como que fai tempo que non cato unhas migallas de prosa tan castelán e tan retórica como a do arrogante concejal astur! Con menos dereito figurau no cotarro literario peninsular «O Cabaleiro Audaz», por exemplo, Hoyos e Vinent ou... Andresito González-Blanco.

**

Todos estades enterados do que lle acontece a *El Sol*. ¿Asómbravos tamén? A mí, nada. E un de tantos casos normaes producidos dentro da anormalidade da vida oficial española. A podredume do Estado chega a faltar á Constitución e a furar as súas leises fundamentaes. Os enemigos do xornal madrileño-millor non pol-as súas páginas, senón pol-a súa orientación-alegan, como razón primordial pra que se lle poñan trabas á libertade industrial y-o progreso periodístico, que o anxe de *El Sol* é a morte dos demás xornaes. Evos, en realidade, unha razón potísima pra que, desde agora mesmo, o povo español se poña de cheo ó lado do xornal atropellado e se gabe de que esteña a piques de morrer unha Prensa chanchulleira e noxenta que debeu morrer fai moitos anos; que millor fora que non nacerá!

Se por esto é, jarriba o monopolio!, inda que coidemos funestos todolos monopolios, o da Tabacaleira en primeiro termo, por ser o escándalo mais vergonzoso que oxe da a inéncia oficial. Ben está o que sucede en toda España con motivo do Tabaco. Un Estado aconchabado cunha Compañía pra faltar ós seus compromisos e aldraxar e espírito público de cibdadania,—si é que o hai. Ademais, pechándolle portas á riqueza nacional, prohibida a industria do tabaco. Pero, señor, ¿hay Goberno n-esta pintoresca Península? ¿Qué

fan logo, ou qué fixeron, ou siquera qué intentan facer eses xornaes que están tramitando co risible Dato os funeraes de *El Sol*, e que non falan mais que do monopolio do papel? ¡Ah!..

Non se fatigue o mestre Ortega Gasset. A sensibilidade política e social da España ten unha epidemia mais dura que a pel do cocodrilo. O sentido da libertade e da xusticia téromo somentes cando o atropello é con nos. Entón si bai solidaridade: a solidaridade d'un mesmo. Pol-o demais, o que as teña que as rasque. Tal é a divisa do perxénio moral do español d'hoxe. Falarlle d'outras cousas é... «margaritas ad porcos».

Decátase un perfectamente que a Prensa decrepita esbafulle e recade todalas armas contra *El Sol*. É a eterna loita da vida española: do vello contrô novo, do morrente contrô que nace, da caducidade contrá xuventude, da capirrerie servil contrá baruda independencia.

El Sol, ademais de crebar os moldes rufinarios do periodismo español, ademais de sere un gran xornal —o primeiro entre todos— está facendo unha obra cultural que non fixo ningun, unha obra que mai que a ninguén favorece ás crases modestas, porque pon ó alcance d'elas elementos de instrucción e de cultura que enantes non tiñan e que ningún outro xornal tratou siquera de facer. Referimonos á biblioteca de libros bos y escolleitos que, por un precio certamente módico, chegan ás maus dos seus suscriptores e leutores. ¡Hai semellanza entr'-os libros de Calpe e os folletins estúpidos dos demás xornaes, esa bazofia novelesca de Xavier de Montepín, de Carolina Invernizio, de Richebourg e tantos outros grafómanos por entregas! ¡Fixo algo, siquera parecido, o monosilábico *A B C*?

Tampouco *El Sol* nos parce completo. Non habería mais que pedirlle se millorara un pouco na súa colaboración e non botásemos de menos nél, por exemplo, a Unamuno ou a Pío Baroxa, que son, con Maeztu e con Xenius, os representantes mais outos da dinámica espiritual española.

ROBERTO BLANCO TORRES

Rexionalismo astur

Pra o irmán Soto Valenzuela, Presidente da Mocedá Galeguista de Vigo.

Existe en Asturias un notábel movemento rexionalista que pasenxamente conquire xeito nazionalista. A i-alma d' ese movemento é o visconde de Campo Grande autor do folle-

to moi loubado. «La Junta general del Principado de Asturias». N' este folleto tense sintetizado a historia dos «Fueros Asturianos» e n'ela probábase qu'estes Fueros eran sustancialmente igoaes ós das Vascongadas. Ao vizconde mesmo i-os señores Ceferino Alonso e José González, débelle a «Doctrina asturianista» na que se afirma a máxima arela do rexionalismo asturio: «Asturias libre, regida por si misma».

Estas ideyas teñen xa moito rai-game naqué pais. Hay varios centros asturianistas defensores dos fueros antigos moito mais liberaes que as uniformadoras leis de oxe, propias da «España unha e indivisibel» que somente poden defendere agora parvos e ilotas.

Pra cumplir co a sua esencialidá nazionalista pois esto representan as arelas de crear unha cultura propia, háchase en camiño de se fundare unha Academia Asturiana de Artes e Ciencias» en Gijón. Ao mesmo tempo vaise cultivando o bable con fondo agarimo. E pensan tamén no teatro rexional.

A «Junta Regionalista del Principado» composta de 18 membros, persídea Vázquez de Mella.

N'os xa temos dado novas d'este movemento aos nosos leutores i-amigos. Mas oxe cómprenos facer estas liñas, verdadeiro estrauto d'un artigo saíu na «Correspondencia de Valencia» e que «El Noroeste» da Cruxia reproduxo.

Os tempos de voltar ao prantemento do pleito das autonomías rexionais ven de contado; ao subir ó poder, como xefe de Goberno Melquiades Alvarez, asturián, que arrengará dos Fernández e González que avergontan c' o seu cerebro simplista e cursi aos da terra de Don Pelayo; por non saberen dos Fueros do país de seu.

Teatro Cabanillas

En Bayona inaugurateuse un teatro que leva o nome do gran poeta da Raza, Ramón Cabanillas, noso querido irmán.

Ns festa inaugural tomou parte o coro d'Ourense de «Ruada», sempre dino de se loubare. Tamén autuaron n'ela os irmáns Losada Dieguez, Risco, Noguerol e Rodriguez de Vicente.

ADVERTENCIA

No derradeiro número por un erro d'auste, sairon foran de lugar os traballos que levan por titulares "Psalmo a unha muller qu'endexamais ha de ser miña" e "Pensamento sober da Comtesse de Noailles" que forman parte dos "Poemas singulos" de Correa-Calderon.

COUSAS PARA NOS RIRE

Un ché, dous chés...

Un señor Costa Figueras que sei que chegou iai pouco das Pampas feito un pampo, dixo en Chantada de onde é nado pol-o visto, coma brindis n'un xantar c'o que alí o agasallaron: «Que don Leonardo Rodriguez, ilustre republico, gloria de Galicia y ex-Ministro de la Corona, es el caudillo insustituible de la juventud gallega que trabaja y piensa»; ¡Léveme Pepe! eso chámase chegar e enhore ¡Vaites, vaites! Mas non para eiquí a cousa: o mesmo siñore que xa dou bombo longo a outros politiquíños galegos, segúnd nos din, escribiu n'un boletín americano; «Ha pasado ya de moda — porque ya no es real — la Galicia humilde, empobrecida, retrógrada. En la obra de Jaime Solid, el realismo de la Galicia de hoy enorgullece.»

Boeno, pois cando ibamos comentar esto en senso humorístico qu'é coma somente pódese comentare, velai que nos mandan outro boletín americano no que o mesmo pampo chegado das Pampas ¡qué esperansa, ché! ceiba parvadas a moreas que fan miudas as xa copiadas. El fala da Exposición de Castelao. I-escribe: «—¿Por qué no habla en castellano, señor Pedro? —¡Ay, neniña! En galego nunca se escribieron os recibos das contribucións... He ahí una de las inquietudes temperamentales de Castelao. En el dibujo que lleva al pie las frases transcritas también uno de los postulados del programa de redención de las "Hirmandades" de agora. No pagar las contribuciones, no pagar los foros, no pagar al casero. Filosofía de rebeldes simplistas que se reduce a no cumplir ninguno de sus deberes sociales. Un pueblo quén pensase así, estaría incapacitado para reclamar ningún derecho. Y mucho menos el derecho a ser libre. Sin pagar las contribuciones, imposible e inútil el sostenimiento de la propiedad. Redimir los foros, bien... No pagarlos, equivalen a una ingratitud innoble para la generosidad de los que renunciaron al latifundio al objeto de hacer en Galicia la propiedad asequible a los parias. La de reclamar derechos y no cumplir deberes, solo puede ser doctrina lógica para los bandoleros. Si se negara a los caseros el pago de los alquileres, no habría casas. Como no habría propiedad si las contribuciones no implicarán un buen recurso para que subsista la Guardia civil...»

...Confieso sinceramente que ni a mi ni a muchos ha convencido la filosofía ni la técnica de Castelao. Su

Galicia es falsa. Tan falsa como la de Valle Inclán. Los tipos de uno y otro son inventados. Castelao es un dibujante de lugares comunes, divorciados de la realidad. Satirizar la emigración equivale dar fe de que se desconoce, acaso por ineptitud para la gallardía de afrontarla. Respecto a la mendicidad, el propio Castelao dice en uno de sus dibujos, consciente de contradecirse: «En Galicia non se pide, emigrase».

...La leyenda de atraso de Galicia es inventada por sus malos hijos, ineptos para honrala. A la emigración se debe la prosperidad gallega. No merecen, pues que se les admire ni Valle Inclán ni Castelao. Por crear a sabiendas una Galicia de artificio, habitada por circulares tipos raros. Logicamente borrose de la mente del público presto la remembranza de la Exposición de Castelao.

— Víchedes que cheia de parvadas? Aos das «Irmandades» nos chama «bandoleiros»; a Castelao, falsario, inepto e mal dibuxante. Fai unha filosofía de bodegueiro, sobr'a propiedade, e coida que na Galiza todo é próspero e rico.

Para que se farten de rire os nosos leitores, copiamos o anterior. Agora, ao número próximo d' este boletín, sempre humorístico, analizaremos as parvadas ridículas, froito dos mimos do chantadino-pampeiro.

ACHÁDEGO CURIOSO

Diario d'unha dona

O diario d'unha señora que andou a viaxe n'un trasatlántico.

Primo día:— Moitos pasaxeiro a bordo.

Segundo día:— Parolei con moitos d'eles.

Tercero día:— Conecín ó inxenieiro-xefe.

Coarto día:— As miñas relaciós c'o inxenieiro-xefe fanse mais íntimas.

Quinto día:— O inxenieiro-xefe pide licenza pra me bicare. Eu négoa altaiva e rexá.

Sexto día:— O inxenieiro-xefe diceme que s'eu non aceto a sua ousada resposta, él afundirá o navío.

Sétimo día:— Salvei a vida dos catrocentos cincoenta pasaxeiro.

Pol-a traduzón e copia

Z.

Peneirando

Boeno: está recibindo «El Sol» moitas probas d'afeuto.

Mas a vanidade obriga a moitos a mandaren o seu nome i-unhas liñas suas pra vel-as en letra de molde.

O chistoso, sen embargo, inda e outra cousa

Que cantos leian a folla que «El Sol» adica a esas adesiós coidarán que na Hespuña hai unha boa parte d'opinión civil san i-europea.

Todos veñen a diciren: «como ese atendido contra a libertade é intolerable hai que facer y hai que acometere». E logo d'escriptas as cartas d'adesión, nen fan nada, nen pensan en nada, agás a en discutiren no café c'o «Sol» na mañ.

Coidaron xa teren comprido c'o seu deber, gastando un franco de correios de vinte céntimos e un pliego de papel

— Por certo qu'entre esas adesiós fachendosas houbo unha ridícola e cómica, moi cómica. A do noso chistosísimo «home serio e grave» Casmis Santaló.

— Araí c'o amiguño! Lle non di o «Sol» — nunha carta mais oscura que as de Maura e pior escrita que a d'un bachiller — que «acaba de chegar do axtranxeiro».

— Date pote e cálate! Estivo en Italia qu'casi casi que é non ir ó extranxeiro, xa fai tempo. Cando inda non lle deran a auxiliaaria va a Universidade caciquil de Santiago

E chámase profesor xa que sona millor que auxiliar.

A bofe nos tixi rire. Inda que ao mesmo tempo nos doia que xa nen aos «homes graves e serios» com'os asnos, poidaselles creere o que digan.

X é un corresponsal moi cibioso que ten á «Voz de Galicia» en Betanzos.

Falando do acto da abertura da Exposición Seijo Rubio, di que unha señorita muy cuita dixolle «ñalando a Rey Soto.

— No se porque siempre que he leido emocionada sus hermosas poesías, me venia a la memoria Virgilio, sino el mejor el mas perfecto de los poetas latinos. Ahora veo que también en lo fisico se le parece, porque, como usted sabrá, era delgado, de constucción débil, de facciones correctas, de ojos azules, de mirada dulce y de natural serio y melancólico.

Quixeramos saber o nome d'esa señorita que, como a de Vital Aza, coidamos que chamará as pulgas pol-o nome científico.

Pois cando fala de Virxilio como se tivera sido visita da sua casa

Pol-o demáis, lástima de que Rey Soto seja crego.

E lástima tamén de que esa mesma señorita non os dera o xuicio que lle merez Don Pio Chamarialle Bruto ou Cesar?

— O Patronato de Caridade da Cruña fixo unha festa flamenguista.

Agora quería facer, se nona fixeron xa outra festa flamenguista benéfica algúns rapaces cruñeses.

Premita Deus, que vos fagan prisióneiros «as corsarias» e vos obriguen a estar ouvindo o canto á bandeirita de rioxas e rezas, eternamente, ou o que é o mesmo, tanto como dure un discurso de Figueiroa.

O vermello e marelo i-o flamenguismo, siguen inda sendo sinónimos, pol-o visto.

POEMAS SINXELOS

XARDIN.

Un sol xa ardente e inda non é primaveira,
Catro magnolios, unhos plátanos i-unhos árbores que teñen
unhas frores murchas i sviadas.
Debaixo dos árbores, macizos d'herba mol, cheos de margaridas brancas.
Un home adicase a regar
A auga deixá antr'as herbas pingotas scintilantes, como si chovera fai pouco.
Outro, un home coxo, c'unha vasoira vai barrendo e limpando os paseios de papés.
Unha brisa morma abala e dobreaga as herbiñas mais outao,
Arrecend'a i-auga, a humidade
No centro erguese unha tarta de Benlliure. Con perdón!
Unhas nenas choutan e berran, correndo.
I-eu sentado á soma, vendo a ledicia dos maís, mentres eu morro de saudade.
Un sol ardente e inda non é primaveira!

STRELAS

Facia lúa branca.
A néboa poña unha coroa de vaguedá ó redor das luces moventes
Tremelucían as strelas verdes
I-eu púxenm'a pensar:
—Son verdes as strelas porqu'as veímos nós eisi ou porque no l'o dixo Xuan Ramón Jiménez?
Moitas veces vémol'as com as viron os maís, non como son na realidade
As strelas teñen unha só cór. Como stán tan lonxe non sabe ninguén cal é.
Pra Xuan Ramón Jiménez, o divino e solitario, son verdes com'os vermes de lus. Pra outros serán azues, ou roxas ou dou-radas.
Todo stá na nosa sensibilidade.
Hai cousas que só eisisten en nós
Todc stá contido na interpretación das cousas, das strelas...

O RELOX

Ao meu irmán Isaac, no tempo estéril d'Africa, co'a miña lembranza inmensa d'agármate
Ergues'as sete, váise, volv'as doz'a xantar, váise, volv'as oito
a ceiar e dejarse.
Ista é a vida que leva o meu compañoiro de cuarto, un respetable hortero que fai calzonzillos.
Vive con regularidade. Todol-os días fala na mesa da Chelito e de touros. Tódol-os días s'afeita.
Ten un relox.
Cando se deita póno en col da mesa de noite e mira prá parede até o outro dia.
Cand' eu chego de noite, latexa o relox...
Quero dormir e non podo.
Sóame no celebre aquí latexo...
Stonciás, érgome isrido e poño encol d'il unha pucha como si fosse un paxaro.
Mais, sigue latexand' o relox do meu curazón.

EU SON UN PENSATIVO

Calquera cousa qu'eu admiro faíme incrinál-a testa e poñel-o rosto un pouco mais rudo que de contíno.
Eu son un Pensativo
Aquela serán no xardín púxenma a pensar porque son tan pequenos os formigos. Eu vios ir e vir pol-a area, sin medo a que os pisase i-esmagase esa cousa tan seria e respetabre que se chama unha persoa. O meu pensamento non tiña nada de trascendental. Pero...
Eu son un Pensativo
Quero decir que non son unha estátua de Miguel Anxel nin de Rodin. Son un home banal que se paseía pol-a Vida c'o seu corazón cheo de sentimento i-o celebre, de ideias inda vagas e moi d'órosas.
Só se conquíre a serenidade do mármore, despois d'abere sacreficado a nosa xuventude.

A INTIMIDADE DA MORTE

Un dia vin a porta pechada
E perguntei pol-a filla da porteira, e dixéronme:
—Morreu fai quince días
—Pro morreu a filla da porteira?
—Si, morreu
—Paresme c'a vin onte
A filla da porteira era xorobada e tiña unha face bonita e malencónica i-unhos ollos cheos de tristura...
Si eu o houbéra sabido iría tras do ataúde até o cimiterio...
Góstame d'ir meditando tras d'un ataúde
Nas cibdades múltiples a morte non ten intimidade.
Os meus amigos dirán despois d'unha longa ausenza miña:
—Onde vai?
—Dev'ir de viaxe
Ao pouco tempo, un volverá a perguntar;
—Volven?
Us c'o sabe, dirá:
—Morreu
—Morreu?
—Morreu
Quedaran calados, logo falaran de literatura.
Nas cibdades múltiples a morte non ten intimidade.
Na cibda misteca houbéra come dito adiós...

CORREA-CALDERÓN.

O AMOR QUE SOÑO

TRADUCCIÓN

Eu soño un amor ardente,
de luz cheo, esprendoroso;
feito de sangue e rosas; de todo o que é roxo e quente;
Como unha luz de San Telmo, coma un lóstrego lumioso;
un amor que pouco dure: extinto tan pronto aceso?

—¿Que non dure? ¿Y-é amor eso?
—É menos amor quizabes, porque morrer deba axiña.
Si tal pensas, é que coidas que será mais verdadeira
A flor de trapo enganosa.

nunca murcha, do que a rosa,
da roseira
—fror raiña—
que foi nada
na alborada
e murchouse à seranciña ?

J. I. R.

GLOS A

Inframado o Serán de ópalo ardente,
na cámara nupcial cuchouso o Sol.
Foy groriouse larada de ledicia
foy inmenso esprendor.

Aberto para o ensôño
de meles revertía o curazón
e deades do ondreal, ben trezoelro
frechou, transante, o Amor,
Tremou no ar — a lesta rescedente —
canción de mocedá
e enforeceuse o ánimo, xa canso,
como na verde eda.

A racia, a xentileza, a gallardía
de aquela lanzol moza; Oh que visión;
Oh louzana e garrida noiva, encanto
de unha hora lumiosa, de un fulgor
que durou o que un lóstrego, e alongouse
cibando unha canción.

Oh voz agatimosa.
¡Aquel voz!
¡Aquel sorriso triste!
¡Aquel Adiós...!
Sinto en min cando maxino
si te fuches para sempre,
que o Sol se pon e non volve,
que nunra mais amanece.

José Iglesias Roura.

Coutacións decenais

O Conservatorio de Euzkadi

A Diputación de Vizcaya, ven creando o Conservatorio de Música. A nazionalidade vasca quer ter a sua Escola musical de seu, acordouse no congreso d'Estudios vascos que así se fixera, e xa é feito.

N'esto cataláns e vascos teñen unha grande ventaxa sobre nosco. Os vascos a sua Diputación privilexada, os cataláns a sua Mancomunidade. Y-estes organismos facendo executivos aqués acordos que son de comenencia. xeral para o regurdire nazista, sen dare contas ao odioso Estado do Centro, levan a diante canto lles peta.

Mail-os vascos inda por tradición foral fono conservando os seus privilexos, xa de consenso histórico; pero os cataláns tan dependentes coma nós do centralismo, o problema da independencia administrativa.

Non unha Diputación foral, mais si unha Mancomunidade poido e pode ter Galiza. Pero unha Mancomunidade como a Catalana, somentes a forza de cultura capaz d'esnaquizar o caciquismo ha de se conquerire.

O que magoa e abraia é o triste feito de que Cataluña e Euskadi vayan tendo personalidade musical, porque souberon e saben cultivare os eidos líricos propios con fondo amore, entramentras Galiza, mais lírica e musical que nengunha outra terra d'a Península—esceito a irmá Lusitania—por non decatarse do que valeria ben esprotada a sua riqueza folklórica, por descoñecer os seus propios valores, por ter adormentada a sua i-alma pol-o asoñador infruxo castelán, nen protexe a música nem crea un centro d'estudios musicais, nem manda pensionados ó estranxeiro a catro rapaces, un para cada unha Diputación provincial, que tería de sel-o mais direito.

¿Por qué só os pintores han receber pensións? ¿Mais importante para Galicia que a pintura e a música son dúbida. Que a terra más lírica

da Península seja a que fica musicalmente mais atrasada, é vergonoso e magoante. Porén na Asamblea nazionalista de Lugo acordárase xa traballar pol-a crezón d'unha Escola musical galega. Mas como nós non temos unha Diputación semeante á de Vizcaya nem un organismo com'a Mancomunidade, velaí... Totalmente escravos do centralismo.

A Rial Orde do 6 d'Agosto*

E como somos escravos do centralismo—e ningúén agás as «Irmandades» fan nada para se redimir d'él—por iso estivo moi ven a Rial Orde do 6 d'Agosto de 1920 que grava vinte pesetas por tonelada de puntaes de pino a esportare.

Os labregos, os que comercian c'os pinos, todolos galegos se non lembran de Santa Bárbara até que troña. Todostán a pantalla castelanista tan sobre os ollos, que, alleos á sua propia alma, arredados inconscentemente da sua propia espirtoalidade, non pode decatarse de que tódolos problemas galegos arrincan d'un só problema: o do recobro da propia personalidade. O problema que, dende que teñen nascido, fan tremelar as «Irmandades».

¿Como non sistindo pensando pola conta propia un individuo ou un povo han ter personalidade e consciencia? E non téndo quen dubida qu' están no seu direito os estranos para prescindiren de nosco?

Un día foi o das carnes conxeladas; outro día, o dos mainzos; outro a incomunicación ferroviaria; outro o engado co-as facultades de Letras e Cencias; outro o retraso vergonoso dos trens; outro o nos doere do cativo material dos ferrocarrís. E semeante cando chega o momento de que sofra perxucio unha clás da sociedade galega ou unha vila galega, din os xornales defensores d'esa clás ou d'esa vila: «E intolerábel que a Galicia tráteselle da pior maneira que outras rexións, cando Galiza non berra nem fai estrodenzas...»

Pois por iso, percisamente, é mercedora de canto malo ll'aconteza.

Ben o sabe o ministro da Facenda

cando di no preámbulo da Reial Orde de sobr'a esportación de pinos con sinxelo desenfado que aquela fixoa aconsellado pol-a «Asociación Patronal de mineros de Asturias» y por el Sindicato Regional de Consorcio Carbonero de Oviedo.»

E moda pidir algún adulón de Dato no «Orzán», xornal cruñés, que por vire a Galicia se lle dea seu nome a unha rua. ¡Escravitude, escravitude! ¡Cando hai galegos que din «primero españoles»!...

Pelexa ridicola.

Pois duas asociacións benéficas do Ferrol que levan o nome de Concepción Arenal, rifaron seriamente, para saberen á que lle pertenece usar aquele.

E como non conseguiran pôrse d'accordo, someteron o seu pleito ao ministro de gobernación. Como se non houbera d'abondo co-as intromisiós do centralismo forzosas, inda vontariamente un feixe de donas e señores buscan no centralismo conselleiro e xuez para unha causa local

E Bergamín non poderá autuar n'este pleito coma Salomón no das duas nais. Mais podera rirse d'elas ferrolanas e ferrolanas que xogan como c'unha pelota i-o nome de Concepción Arenal ao deperte moderno de caridade... consoante de vanidade. E moi propia dos «malfeiteores do ben.»

Da emigración.

D. Ricardo Valcarce, de Santa Eulalia de Toiris, publicou un artigo no «Heraldo Gallego» de Bós Aires, combatindo con argumentos rexos a emigración que moitos parvos coidan un ben.

Ten puntos de vista o Sr. Valcarce, somellantes ás que nosco diferentes veces expuñemos n'este boletín.

X

Lea vostede Á Nosa Terra.

FOLLAS NOVAS

LIBROS E REVISTAS

“Colón, español.”

Co este nome acaba de publicarse o popular médico cruñés Sr. Rodríguez Martínez un folleto moi interesante. A parte gráfica é Gina de se loubare. Leva unha portada de D. Román Navarro e un dibuxo i-autógrafo de Castelao, cheios d'intenzón patriótica.

Noso querido e distinto amigo o Sr. Rodríguez xuntou nas follas d'ese folleto a conferencia notabre que dera non fai moito tempo ainda no «Círculo d'Arte».

Léndoo, conquire un a seguridade da orundez galega do deseubridore do Novo Mundo, e siente certa melancolia ao decatarse de que haxa compatriotas nosos capaces d'iren contra d'esta cruzada tan fermosa e que tanto axuda a valorización da nosa Raza.

Rey Soto, puxo un prólogo a «Colón, español», no que o gran curazón e a grande intelixencia do Sr. Rodríguez Martínez fican fielmente retratados.

Ademais do texto notabre, o folleto de que falamos ten algunhas fotografías moi oportunas.

Despois de lido o que Rodríguez dí-e mais coñecendo o libro de Celso da

Riego—sente un meirande orgullo que nunca de se chamare galego.

Agardamol-o novo libro de Prudencio Otero pra vermos en preno trunfo a tens tan debatido de «Colón, gallego».

Nosa embora a D. José Rodríguez Martíne.

La Revista, Barcelona.

Adoitau seren moi amenos e cheios d'interés os cuadernos de publicación quincenal que forman aquel boletín. E o derradeiro que temos recibido non é menos díño de se ler que os outros.

Fala dos poetas galegos e do movemento nazionalista da nosa terra, nomeando aos irmáns Viqueira, Risco e Vilar Ponte e copiando unhas versos de Rosalía Castro, de Brains e de Cabanillas, pra decir que todo tende a preparación do Porto civil.

Atope boa a orientación da cruzada galeguista, afirmación que leva o camiño comenente y-esto é pra nosco unha causa de ledicia. E prova ninda tamén que a fraternidade nazionalista catalana e galega cada data faixo mais e-treita.

O DIPUTADO POR VEIRAMAR

NOVELA DE GONZALO LOPEZ ABENTE

Esta interesante e modernísima novela en idioma galego, está posta a venda nas principales librerías de Galicia.

Precio, 3 reás.

VÈNDESE:

NA CRUÑA, Ademinstiración «A NOSA TERRA», e IRMANADE DA FALA.—FERROL, Librerías de Comadira e de Gerardo Castro.

EFFECTOS NAVALES

— DE —

FERRER Y COMPAÑIA—SUCESORES

F. BERTRAN E MIRAMBELL

Vigo e A Cruña

CASA FUNDADA EN 1868

Artigos xeneraes pra equipo da Marina Militar, vapores, bateos de vela e pescadores.

Gran H. Universal

Rua da Reina (da Raíña) 21-LUGO

O MAIS NOVO E MILLOR

Ten carto de baño moderno. Dispón de teléfono (núm 116) e de coche da casa pra todolos trens

O GRAN H. UNIVERSAL merece ser visitado

Leutores:

Quen queira ter un traxe bo, xeitoso e que lle coste pouco dñeiro, que o faga na Xastrería de

Xosé Varela da Costa

Rúa do Circo, 16—VIGO

LA SALUD

CASA DE BAÑOS

A MILLOR DA CRUÑA

Avenida de Rubine, 22 (Riazor)

J. SOUZA

SUCESOR DE LAFUENTE

SUCURSAL DO DÓSITO HIDROGRÁFICO

PAPELERÍA E LIBRERÍA

Ouxetos d'esquertorio, Dibuxo e Pintura. Postres. Aparatos de cencias. Artigos de coiro. Ouxetos pra regalos. Fotografiado. Tricromia e Catromia. Osteoloxía. Anatomía. Geoloxía. Historia natural. Grabado.

Cantón Pequeno, 13.—A CRUÑA

M. VILLUENDAS

IMPRENTA

IMPRÉNTANSE TODA CRAS DE TRABALLOS FINOS.
BETANZOS (CRUÑA)

FARMACIA EUROPEA

— DE —

LOPEZ ABENTE

— REAL, 55 —

A millor surtida da Cruña e un dos establecimentos da sua eraza que mais honran a Galicia. Montada con arrebro o derradeiros adiantos.

Hotel Continental

Castelar, 8 e Olmos, 28

O MELLOR SERVIDO

— DE —

M. Losada Prado

A CRUÑA

LLOYD REAL HOLANDES

AMSTERDAN

(KONINKLIJKE HOLLANDSCHE LLOYD)


Viaxes rápidos ó Brasil e a Arxentina polos acréscidos vapores correios

GELRIA, ZEELANDIA, FRISIA E HOLLANDIA

Saidas fixas-regulares da Cruña e Vigo, admitindo pasaxeiros de 1.^a, 2.^a, 2.^a intermedia e 3.^a crás

Pra informes respeito das datas de saídas e prezos de pasaxe dirixirse ó Axente xeneral da Compañía en España

D. Raimundo Molina e Couceiro,—Consinatario na Cruña e Vigo.





COMPAGNIE GENERALE TRANSATLANTIQUE

VAPORES CORREOS DE GRAN VELOCIDADE
SERVICIOS DIREITOS DENDE O PORTO DA CRUÑA

PRÓXIMAS SAÍDAS PRA HABANA E VERACRUZ

Prezos do pasaxe (incruidolos impostos)

		Habana	Veracruz
Pirmeira crase.	Ponte de paseo:		
	Camarotes de luxo	Ptas. 2.053'75	2.138'75
	Id. esteriores	» 1.668'75	1.753'45
	Ponte superior:		
	Camarotes esteriores	» 1.498'75	1.593'75
	Id. interiores	» 1.293'75	1.378'75
Segunda crase.	Ponte inferior	» 1.295'75	1.378'75
		» 1.103'75	1.088'75
	Preferencia	» 808'60	798'60
TERCEIRA CRASE.		» 328'60	343'60

O dia fixo de saída anunciarase oportunamente

O pasaxeiro que deseche embarcar ten de remitire seguidamente o nome e mail-o importe do pasaxe, sen emprender viaxe hastha que teña a conformidade do Consinatario de que se lle reservou a praza. Os emigrantes e todos os equipaxes, son levados a bordo por conta da Compañía.

Pra toda das d'informes sóbior de datas de saída, prezos do pasaxe e tipos de flete, dirixirse o seu Consignatario.

D. NICANDRO FARIÑ — Rúa de Compostela, esquina a Praza de Lugo.



Compañía Chargeurs Reunis

Pra os portos de PERNAMBUCO, RIO JANEIRO, SANTOS, MONTEVIDEO e BOS AIRES.

Proximas saídas por acretados vapores correios a gran velocidade.

Admite pasaxeiros de cámara e 3.^a cras.

Prezo do boleto de TERCEIRA CRASE Pesetas 374'60.—Nenos mais novos de dous anos, un gratis por familia.—De dous a 10 anos, pagan medio pasaxe. Maiores de 10 anos, pasaxe enteiro.

NOTAS INTERESANTES.—As mulleres que levan nenos que non chegan aos 10 anos, chamadas polos seus maridos, non poden embarcarem pra BOS-AIRES si non presentan n'esta Agencia un certificado PRECISAMENTE do DEPARTAMENTO de EMIGRACION de BOS-AIRES, permitindolles o desembarcaren na REPUBLICA ARXENTINA. Non teñen valor alguno, as cartas de chamada, autorizacion, nin poderes ante os Cónsules hispánicos.

As mulleres que se atopen n'estas condicions e non presenten NECESARIAMENTE o dito certificado, non poden embarcar. Tamen teñen que presentaren o mesmo certificado os emigrantes que teñan MAIS de 60 ANOS e non vaian acompañados da sua familia.

O dia da saída anunciarase con oportunidade.

Os pasaxeiros teñen de presentarse n'esta Axencia cinco días antes da saída do vapor.

Pra informes dirixirse aos Axentes Xeneraes en España.

ANTONIO CONDE (Fillos).—Praza d'Ourense, 2.—A CRUÑA.



COMPAGNIE DE NAVIGATION SUD-ATLANTIQUE

Saída do porto da Cruña para Bahía, Rio de Xaneiro, Santos. Montevideo e Ros-Alres

O dia 30 de Agosto, salra da Cruña o paquete correio

SAMARA

de 10.000 toneladas, admitindo carga e pasaxeiros.

	Pernambuco	Bahía	Río Xaneiro	Santos	Montevideo	Bos Aires
En primeira crase . . . Ptas.	1.072'25	1.116'25	1.336'25	1.380'25	1.580'25	1.556'25
En segunda crase	798	815	859	881	947	1.035
En segunda intermedia	628	628	628	628	628	628

Prezo do pasaxe en 3.^a crase a Brasil, Montevideo y Bos-Aires, (incruidos impostos) Pesetas 359'60

Para mais informes dirixirse aos seus consinatarios:

Sres. OYA GILARD e COMPAÑÍA (S. C.) Praza d'Ourense 2 B e Felxóo 2.—A Cruña.